DOCUMENTOS DE TRABALLO

O galego nas resolucións xudiciais. Análise do fondo documental do CENDOJ, 1990-2025

DOI: 10.17075/grxafdc.2026

DOCUMENTOS DE TRABALLO
CCG

Resumo executivo

Este informe analiza a presenza do galego nas resolucións xudiciais de órganos con sede en Galicia publicadas no Centro de Documentación Judicial (CENDOJ) entre 1990 e 2025. A explotación desta fonte serve para seguir a evolución e examinar as diferenzas por órgano, xurisdición, territorio, tipo de resolución e relator ou relatora. A análise compleméntase coa

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

bibliografía especializada, cos plans xerais de normalización da lingua galega de 2004 e 2026 e coas achegas do foro *Un país coa súa lingua*, impulsado polo Consello da Cultura Galega en 2025.

Só un 3,4 % das resolucións dos órganos colexiados foron publicadas en lingua galega entre 1990 e 2025: 18.842 dun total de 553.759. A inmensa maioría da documentación está en castelán, nunha sociedade en que arredor do 46 % da poboación de cinco ou máis anos fala sempre ou maioritariamente en galego[1]. Ao longo de tres décadas, a porcentaxe de resolucións en galego sitúase maioritariamente entre o 2 e o 4 %, con oscilacións que non se traducen nunha expansión sostida.

En 2025 acádase o máximo do período 1997-2025, cun 4,85 % e 1.178 resolucións en galego. A mellora é desigual entre xurisdicións. A contencioso-administrativa chega ao 14,8 %, mentres que a social incorpora 276 resolucións nesta lingua, tras unha presenza moi escasa nos anos anteriores. A civil segue a tendencia contraria: descende do 3,3 % en 2021 ao 0,2 % en 2025. O aumento global reúne, así, evolucións diferentes e non acredita por si só unha extensión xeral do uso.

A produción publicada en galego concéntrase nun número moi reducido de autorías. Aínda que entre 1997 e 2025 se identifican 86 relatores e relatoras con algunha resolución nesta lingua nos órganos con sede en Galicia, a realidade é que as tres persoas con maior volume acumulado asinan o 74,6 % e as dez primeiras, o 93,6 %. Que case tres cuartas partes desta documentación correspondan a só tres persoas mostra ata que punto o uso do galego está lonxe de constituír unha práctica institucional estendida. A súa continuidade depende en boa medida da actividade dun grupo reducido de profesionais. Os cambios recentes ilústrano: o descenso das resolucións civís en galego coincide coa interrupción da produción publicada nesta lingua dun relator, e un único relator asina todas as resolucións en galego da Sala do Social en 2025. Nos últimos anos aumenta o número de persoas con dez ou máis resolucións anuais en galego, aínda que parte desta ampliación pode estar relacionada cos cambios na cobertura da base.

[1] Instituto Galego de Estatística, *Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego*, Santiago de Compostela, 2023.

Esta elevada concentración tamén se manifesta nos órganos e nos territorios. As Audiencias Provinciais e a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) reúnen case o 98 % da documentación en galego dos órganos colexiados. Considerando todos os órganos, a Audiencia Provincial de Pontevedra achega o 62 % das resolucións nesta lingua. En Ourense, pola contra, só constan seis resolucións en galego de órganos con sede na provincia entre 1997 e 2025. As diferenzas entre provincias dependen en boa medida dos órganos xudiciais que teñen a súa sede en cada unha e da presenza de profesionais que redactan en galego. Por exemplo, as resolucións das salas do TSXG contabilízanse na Coruña, mentres que o elevado peso de Pontevedra está ligado á produción en galego dun grupo reducido de persoas relatoras da súa Audiencia Provincial.

A cobertura do CENDOJ delimita o alcance do diagnóstico. A base non recolle toda a produción xudicial e a representación dos órganos unipersoais é especialmente limitada. A revisión especializada indica que queda fóra unha parte da actividade desenvolvida habitualmente en galego, así como documentación en castelán, e considera razoable supoñer que esta exclusión afecta nunha proporción semellante ás dúas linguas. Os datos dispoñibles non permiten comprobar este suposto. O 3,4 % describe a documentación publicada e constitúe o mellor indicador dispoñible para este estudo, aínda que non permite establecer con precisión a presenza do galego no conxunto da actividade xudicial.

Este informe propón combinar o seguimento periódico dos indicadores coa obtención de datos sobre a actividade que non chega ao CENDOJ. Para ampliar e consolidar o uso, recupera medidas dos plans xerais de normalización da lingua galega de 2004 e 2026 e do foro *Un país coa súa lingua*: aplicacións que funcionen plenamente en galego, modelos documentais e un servizo estable de normalización lingüística. Estes recursos deben facilitar a incorporación de novos profesionais ao traballo nesta lingua e dar continuidade ás prácticas existentes nas remudas de persoal. A creación de órganos piloto ofrecería un espazo para avaliar a súa aplicación, atendendo tanto aos ámbitos con menor presenza do galego como aos que dependen de poucas persoas.

As propostas abranguen tamén a relación coa cidadanía: recoller a súa elección lingüística desde o inicio do procedemento e dispoñer dos

medios para atendela nas comunicacións e notificacións. As administracións galegas poden contribuír empregando esta lingua cando actúan como parte. Xunto con estas medidas, a incorporación ao CENDOJ das traducións ao galego que se notifican ás partes, reunidas nun mesmo documento coa versión orixinal en castelán, ampliaría o acceso público á documentación nesta lingua. O propósito é que o uso da lingua conte cun apoio institucional que permita sostelo e estendelo máis alá das iniciativas individuais.

1. Introdución

A lingua das resolucións xudiciais é un indicador do grao de incorporación do galego a un ámbito institucional cunha importante función pública e un elevado recoñecemento social. A Administración de xustiza é, ademais, un dos espazos nos que a bibliografía identifica maiores diferenzas entre o recoñecemento legal da cooficialidade e o uso habitual da lingua. Desde a aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia, o marco xurídico ampara o emprego do galego nas actuacións xudiciais. Con todo, a súa presenza na práctica segue a ser limitada, polo que resulta de interese analizar como evolucionou e en que órganos e actividades se concentra.

1.1. Obxecto e xustificación

O Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega elabora este informe para estudar a evolución do galego nas resolucións xudiciais publicadas en Galicia. O traballo baséase na explotación do fondo documental do CENDOJ para o período 1990-2025 e combina a análise dos datos coa revisión do contexto en que se producen. A bibliografía especializada, os dous plans xerais de normalización da lingua galega e as conclusións do foro participativo *Un país coa súa lingua* permiten situar os resultados no seu marco xurídico, histórico e sociolingüístico. A análise cuantitativa ofrece, pola súa parte, unha serie de máis de tres décadas coa que se poden observar os cambios na presenza do galego e a súa distribución entre órganos, xurisdicións, tipos de resolución, territorios e persoas.

A situación do galego na xustiza conta cunha bibliografía que a aborda desde distintas perspectivas. Os estudos sobre dereitos lingüísticos, as análises sociolingüísticas, as achegas das organizacións de profesionais e os informes de supervisión internacional coinciden en prestar atención á distancia entre a normativa e a práctica institucional. Estas

contribucións dan conta dos principais problemas do ámbito, pero precisan complementarse cunha medición da lingua das resolucións ao longo do tempo. Este informe desenvolve esta dimensión e ofrece unha serie que se pode actualizar periodicamente para seguir a evolución dos resultados.

1.2. Estrutura do informe

O capítulo 2 revisa o marco normativo e institucional, a bibliografía especializada e a perspectiva europea. Inclúe tamén a comparación dos plans xerais de normalización de 2004 e 2026 e as achegas do foro *Un país coa súa lingua*. No capítulo 3 descríbense a fonte, a extracción dos datos, os indicadores e os límites da análise. O capítulo 4 presenta a evolución xeral e as diferenzas por órgano, xurisdición, tipo de resolución e territorio, así como a situación dos órganos unipersoais e a concentración do uso por relatoría. O capítulo 5 reúne as conclusións e as propostas. Os anexos recollen as series anuais completas.

2. O galego na Administración de xustiza: marco institucional e estado da cuestión

O recoñecemento dos dereitos lingüísticos e as condicións para exercelos son dúas cuestións presentes nas análises sobre o galego na Administración de xustiza. O marco constitucional e estatutario recoñece o dereito da cidadanía a empregar esta lingua nas súas relacións cos órganos xudiciais. A bibliografía e os informes institucionais sinalan, ao mesmo tempo, que o seu uso segue a ser reducido. A revisión destes antecedentes axuda a interpretar os datos e a identificar os factores que poden influír neles.

2.1. Marco normativo

O artigo 3 da Constitución española e o artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia constitúen a base deste marco normativo. O Estatuto recoñece o galego como lingua propia, establece o dereito da cidadanía a coñecelo e usalo e encomenda aos poderes públicos galegos a promoción do seu emprego na vida pública. No ámbito da xustiza, o artigo 25 prevé que o coñecemento do galego e do dereito galego se considere mérito preferente nos concursos e oposicións para a provisión de postos. A Lei de normalización lingüística de 1983 desenvolve estes principios, recoñece a validez das actuacións en galego e atribúe á Xunta a promoción progresiva da súa normalización. O artigo 231 da Lei orgánica do Poder Xudicial recolle, pola súa

banda, o dereito das partes, das testemuñas e das demais persoas que interveñen no proceso a utilizar a lingua oficial propia da comunidade autónoma.

A aplicación destas previsións está condicionada pola organización da Administración de xustiza. O acceso e a provisión de postos na xudicatura, a maxistratura, a fiscalía e a secretaría xudicial dependen en boa medida da Administración do Estado. O coñecemento do galego valórase como mérito, pero non se esixe con carácter xeral para exercer en Galicia. Neste contexto, a posibilidade de empregar a lingua e de recibir atención nela pode depender da competencia lingüística do persoal, da súa dispoñibilidade e das prácticas de traballo de cada órgano.

A capacitación lingüística é un dos factores que cómpre considerar xunto coas ferramentas dispoñibles, os hábitos de traballo e os incentivos institucionais. A análise das resolucións permite coñecer a distribución do uso, pero non medir a competencia lingüística do persoal nin determinar o peso de cada un destes factores.

2.2. O diagnóstico da bibliografía especializada

Os estudos sobre o galego na xustiza sinalan dificultades que afectan tanto á formación como á organización do traballo[2]. Entre elas figuran a formación xurídica maioritariamente en castelán, a falta de modelos documentais consolidados en galego, a continuidade dos usos lingüísticos dos procedementos, os escasos incentivos institucionais, a limitada dotación dos servizos de apoio e as características das aplicacións de xestión procesual. As actuacións desenvolvidas nas últimas décadas incluíron cursos de linguaxe xurídica, recursos terminolóxicos, traducións de normas e outros materiais. A bibliografía recoñece a súa utilidade, pero advirte que non se acompañaron dunha extensión suficiente do galego como lingua habitual de traballo.

[2] Álvarez Docampo, X. C., «A voltas coa situación da lingua galega no ámbito xudicial. Unha visión dende dentro», en *Fermín Penzol, rexistrador, bibliófilo e galeguista*, Irmandade Xurídica Galega, 2017, pp. 129-140; Febrero, X., «(Un) galego na Administración de xustiza», *Avogacía Compostelá*, sección «Ao pé da letra», 10 (2015), pp. 30-33; Sobriño Pérez, A., «A normalización lingüística na Administración de xustiza: un avance pendente», *Avogacía Compostelá*, sección «Ao pé da letra», 19 (2019), pp. 24-26.

Outras contribucións ofrecen análises complementarias destas dificultades[3]. Desde o dereito e a sociolingüística, describen unha incorporación limitada do galego á actividade ordinaria da xustiza. Un aspecto común nestes traballos é a necesidade de acompañar o recoñecemento legal do uso da lingua con medidas institucionais e recursos que faciliten a súa utilización continuada nos órganos xudiciais.

2.3. A perspectiva europea

A Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias incorpora unha perspectiva de seguimento internacional. A súa ratificación polo Estado español en 2001 supuxo a asunción de compromisos sobre o uso das linguas cooficiais nos procedementos xudiciais. Tanto os informes do Consello de Europa como as achegas das entidades sociais galegas constatan dificultades persistentes para o seu cumprimento no ámbito da xustiza[4]. Estas avaliacións prestan atención ás condicións materiais, organizativas e normativas que permiten exercer os dereitos recoñecidos. A dispoñibilidade de medios e a organización dos procedementos ocupan, por tanto, un lugar relevante nesta análise.

2.4. A xustiza na planificación lingüística: do PXNLG-2004 ao PXNLG-2026

O Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG), aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004, incluíu na súa estrutura unha área dedicada á Administración de xustiza dentro do sector da Administración[5]. O diagnóstico sinalaba tres dificultades principais: a dependencia do Goberno central da maxistratura, a xudicatura, a

[3] Nogueira López, A., «O marco xurídico-legal. Sobre os dereitos dos falantes e o dereito da lingua», en H. Monteagudo (ed.), *Linguas, sociedade e política. Un debate multidisciplinar*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2012, pp. 205-230, e «"Ni una mala palabra, ni una buena acción": indiferencia estatal y autonómica hacia los compromisos internacionales de protección del gallego contraídos con la Carta Europea de las Lenguas Regionales o Minoritarias», *Revista de Llengua i Dret*, 69 (2018), pp. 78-90; Varela, C., «A situación do galego na Administración de Xustiza segundo o Consello de Europa», *DXustiza. Diario de Información Xudicial*, 17 de maio de 2017; *Falando do dereito*, Galeguizar Galicia, 2020 (edición dixital).

[4] Mesa pola Normalización Lingüística, *Relatorios sobre a aplicación en Galicia da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias*, Santiago de Compostela, 2014-2016, 2019, 2021 e 2024; ProLingua, *Informe de Prolingua sobre a situación do galego*.

[5] Xunta de Galicia, *Plan xeral de normalización da lingua galega*, Santiago de Compostela, 2004, área de Administración de xustiza.

fiscalía e a secretaría xudicial; a escasa disposición dunha parte do persoal a empregar o galego; e a organización da oficina xudicial e dos programas informáticos en castelán. Estes aspectos servían de base para definir as actuacións propostas.

O obxectivo do plan era introducir o galego como lingua normal de traballo da Administración de xustiza en Galicia. Para iso establecía nove medidas, entre as que se atopaban un programa específico acordado co Ministerio de Xustiza e a creación dun órgano de referencia para a súa aplicación. Propoñía tamén normas comúns sobre a capacidade lingüística no acceso e no desempeño da función xudicial, programas de formación e medidas de promoción profesional e recoñecemento do persoal que empregase o galego. No ámbito dos recursos, previa traducir os programas de xestión e os formularios de uso habitual e elaborar materiais terminolóxicos. Outra das medidas consistía en preguntar de oficio, antes do inicio do procedemento, pola lingua habitual da persoa e utilizala no conxunto das actuacións, tanto orais como documentais.

A información dispoñible sobre a aplicación do plan é limitada. O PXNLG-2026 sinala que a ausencia dun sistema de avaliación dificulta valorar con rigor o impacto das medidas de 2004[6]. Esta carencia non impide, con todo, identificar actuacións que quedaron sen desenvolver. As persoas expertas consultadas sinalan, entre elas, a dispoñibilidade de ferramentas de xestión procesual plenamente operativas en galego, o recoñecemento do seu uso na promoción profesional e a incorporación sistemática da elección lingüística á atención á cidadanía. Cómpre distinguir, por tanto, entre a falta de avaliación dos resultados e a falta de aplicación de medidas previstas no plan.

Vinte e dous anos despois, o PXNLG-2026 establece catro obxectivos específicos para a Administración de xustiza: garantir a atención á cidadanía en galego e a posibilidade de desenvolver nesta lingua todos os trámites dos procesos, capacitar lingüisticamente o persoal, mellorar a súa disposición ao uso e promover a calidade da linguaxe xurídica. O diagnóstico

[6] Xunta de Galicia, *Plan xeral de normalización da lingua galega. Proposta de actualización*, Santiago de Compostela, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, 2026, área de Administración de xustiza.

mantén varios dos problemas sinalados en 2004. O plan indica que a aplicación de xestión procesual segue deseñada exclusivamente en castelán e que esta circunstancia dificultou o traballo mesmo do persoal que emprega o galego. Recolle tamén unha disposición pouco favorable ao seu uso en parte da carreira xudicial e fiscal, así como un interese reducido pola formación lingüística, ao non se percibir como necesaria para o desempeño do posto.

As medidas de máxima prioridade inclúen unha versión bilingüe da aplicación de xestión procesual que permita tramitar e xerar documentos en galego. Engádense ferramentas bilingües para os demais corpos xurídicos e para as forzas e corpos de seguridade, cláusulas de dispoñibilidade lingüística nos convenios de peritaxe e formación en linguaxe xurídica. Nun segundo nivel de prioridade sitúanse o convenio co TSXG para traducir sentenzas, especialmente as que establecen doutrina, e a incorporación progresiva de lexislación consolidada en galego. O plan prevé tamén empregar a intelixencia artificial para facilitar o traballo xurídico nesta lingua e establecer un convenio co Ministerio de Xustiza.

A comparación dos dous plans mostra a continuidade de varias dificultades: as ferramentas en castelán, a dependencia estatal dos corpos xudiciais e a falta de sensibilización co idioma dunha parte do persoal. Tamén pon de manifesto unha carencia común no seguimento dos resultados. Ningún dos dous textos establece, na área de xustiza, un indicador cuantitativo sobre a lingua empregada na documentación producida. O PXNLG-2026 prevé elaborar un informe anual sobre a aplicación das medidas. A incorporación dun indicador de uso permitiría complementar ese seguimento e comprobar se a execución das actuacións se acompaña de cambios na presenza do galego nas resolucións.

2.5. O foro *Un país coa súa lingua* (2025)

O foro participativo *Un país coa súa lingua*, impulsado polo Consello da Cultura Galega en 2025, é o antecedente institucional máis próximo a este informe[7]. A segunda mesa, realizada o 20 de marzo de 2025, abordou a situación da lingua na Administración, na xustiza e nos servizos públicos.

7 Consello da Cultura Galega, *Un país coa súa lingua. Foro participativo*, Santiago de Compostela, 2025, segunda mesa, 20 de marzo.

Participaron representantes da maxistratura e da avogacía, persoal letrado da Administración de xustiza, persoal técnico de normalización e especialistas en dereito administrativo. As súas achegas coinciden en boa medida co diagnóstico dos plans e permiten concretalo a partir da experiencia de traballo nos órganos xudiciais.

O foro identificou carencias de medios que afectan ás tarefas habituais. Sinalou a falta de capacidade para traducir de maneira inmediata a documentación dos procedementos, de bases de dereito estatal e europeo consolidado en galego e de unidades de normalización lingüística na xustiza. As dificultades abranguen tanto a aplicación principal de xestión como outras ferramentas que incorporan documentos aos expedientes, entre elas as utilizadas nas comunicacións coas entidades bancarias, co Rexistro Civil ou coas forzas e corpos de seguridade. Moitas dependen do Ministerio de Xustiza e non dispoñen de versións operativas en galego. O foro referiuse tamén á falta de modelos e formularios estandarizados e de información nos xulgados sobre os dereitos lingüísticos. A revisión especializada destaca como prioridade que o sistema de xestión procesual Atenea permita traballar plenamente en galego. Isto require que a opción lingüística abranga a tramitación e a xeración dos documentos, de maneira que o uso do galego forme parte do funcionamento ordinario da oficina xudicial. Como referencia cuantitativa, o foro recolleu un dato do CENDOJ segundo o cal o 3,1 % das sentenzas publicadas para Galicia en 2024 estaban en galego, unha proporción próxima á observada neste informe.

As propostas organizáronse en catro liñas de actuación. A primeira atendía á infraestrutura dixital e propoñía que Atenea e as aplicacións complementarias fosen plenamente operativas en galego e se iniciasen nesta lingua por defecto. A segunda incluía un repositorio actualizado de modelos e recursos xurídicos e a ampliación de Lex.gal á lexislación estatal e europea. As outras dúas eran a creación de órganos xudiciais piloto que funcionasen integramente en galego e de servizos de normalización propios, coordinados desde o TSXG e con presenza provincial. O foro recolleu a experiencia dun xulgado do social que realiza os xuízos e dita as sentenzas en galego, sen unha demanda significativa de tradución por parte dos profesionais de fóra de Galicia.

O PXNLG-2026 incorpora parte destas propostas, como dispoñer dunha versión bilingüe da aplicación informática de xestión procesual, manter actualizado un catálogo de modelos documentais normalizados en galego e ampliar a base de datos dixital da plataforma Lex.gal. Outras non aparecen na área de xustiza: os órganos piloto, o inicio das aplicacións en galego por defecto e a creación dun servizo de normalización específico. Esta última medida si se prevé para o Servizo Galego de Saúde. A táboa 1 compara o diagnóstico e as actuacións.

Táboa 1. A Administración de xustiza nos plans xerais de normalización de 2004 e 2026 e no foro *Un país coa súa lingua*

	PXNLG-2004	*Un país coa súa lingua* (2025)	PXNLG-2026
Obxectivo central	Introducir o galego como lingua normal de traballo da Administración de xustiza	Garantir o dereito efectivo ao galego cun itinerario operativo de medidas a curto e medio prazo	Garantir que os procesos, en todos os seus trámites, se poidan desenvolver en galego e promover o galego como lingua de traballo
Diagnóstico	Oficina xudicial e programas informáticos en castelán; corpos dependentes do Goberno central; pouca disposición do persoal	Ferramentas do Ministerio sen versión operativa en galego; falta de modelos, de dereito consolidado en galego e de unidades de normalización; desinformación sobre dereitos	Aplicación procesual deseñada exclusivamente en castelán; actitude pouco favorable da carreira xudicial e fiscal; desinterese pola formación
Ferramentas informáticas	Verter ao galego os programas de xestión e os formularios	Atenea e aplicacións complementarias operativas e iniciadas por defecto en galego	Versión bilingüe da aplicación procesual, con opción de tramitar en galego (prioridade 1)
Persoal	Normas uniformes de capacidade lingüística no acceso; formación; incentivos de promoción	Formación inicial e continua en galego; oferta positiva regulada	Formación en linguaxe xurídica, nivel básico e módulos de sensibilización
Estruturas	Programa específico co Ministerio e órgano de referencia	Órganos xudiciais piloto integramente en galego; servizos de normalización propios coordinados desde o TSXG	Convenio co Ministerio de Xustiza; convenio co TSXG para traducir sentenzas (prioridade 2); sen órganos piloto nin servizo de normalización específico
Dereitos da cidadanía	Preguntar de oficio a lingua habitual ao inicio do procedemento e usala en toda a actuación	Información clara sobre dereitos lingüísticos nos xulgados	Campañas informativas e oferta positiva

Medición do resultado	Sen indicador de uso na xustiza	Achega o dato do CENDOJ: 3,1 % de sentenzas en galego en 2024	Informe anual de seguimento do plan, sen indicador de uso na área de xustiza

Fonte: Elaboración propia a partir de Xunta de Galicia (2004, 2026) e Consello da Cultura Galega (2025).

A revisión especializada chama a atención sobre o papel da Xunta na creación de condicións para o uso habitual do galego nas oficinas xudiciais. Destaca a dotación de ferramentas e recursos lingüísticos, o apoio ao persoal e a posta en marcha de iniciativas de normalización dentro do seu ámbito de actuación. Desde esta perspectiva, os convenios con outras institucións deben complementarse con medidas propias da Administración autonómica que conten con responsables, medios e seguimento definidos.

2.6. A achega deste informe

A achega específica deste informe é unha medición da lingua da documentación xudicial publicada ao longo de máis de tres décadas. A serie complementa a análise normativa e sociolingüística cunha base empírica para observar a evolución e a distribución do uso. O exame das persoas relatoras incorpora, ademais, unha dimensión relevante para coñecer ata que punto a produción en galego está concentrada nun grupo reducido de persoas.

O procedemento pode reproducirse e actualizarse con novas extraccións. Esta continuidade facilita o seguimento dos cambios e a súa comparación cos obxectivos da planificación lingüística, dentro dos límites de cobertura da fonte. A análise non abrangue outras manifestacións do uso, como as actuacións orais ou a lingua dos escritos das partes.

3. Fonte, metodoloxía e límites do estudo

A fonte empregada é o fondo documental do Centro de Documentación Judicial (CENDOJ), órgano técnico do Consello Xeral do Poder Xudicial encargado da publicación oficial da xurisprudencia. A información consúltase a través do buscador público do Poder Xudicial. O estudo abrangue as resolucións de órganos con sede en Galicia que están publicadas e poden recuperarse nesa base. A delimitación do universo de análise responde,

por tanto, á documentación dispoñible no CENDOJ, que non inclúe o conxunto da actividade xudicial desenvolvida en Galicia.

3.1. Fonte e obxecto de estudo

A lingua das resolucións publicadas ofrece unha aproximación á incorporación do galego á produción documental formal dos órganos xudiciais. O indicador ten, con todo, un alcance concreto. A atención á cidadanía, a documentación interna, as comunicacións procesuais, os formularios, as aplicacións informáticas, as vistas orais e as relacións entre profesionais e órganos quedan fóra desta análise. Tampouco se dispón das resolucións que non se publican na base. Os resultados deben lerse tendo en conta esta delimitación: describen a lingua da documentación recuperable no CENDOJ e precisan doutras fontes para valorar o funcionamento lingüístico do conxunto da Administración de xustiza.

O corpus principal reúne as resolucións das tres salas do TSXG (Civil e Penal, Contencioso-Administrativo e Social), das Audiencias Provinciais e das súas seccións de Tribunal do Xurado. Estes órganos colexiados teñen unha presenza máis continuada na base, aínda que a cobertura varía ao longo do período. As resolucións dos órganos unipersoais, cunha incorporación moito máis limitada, estúdanse por separado no apartado 4.7. As análises territoriais, por tipo de resolución e por relatoría, inclúen todos os órganos, de acordo cos recontos obtidos da fonte, e indícano expresamente. Entre 1997 e 2025, os órganos con sede en Galicia suman 564.951 resolucións publicadas: 553.687 corresponden aos colexiados do corpus principal, 10.388 aos unipersoais e 876 ao Tribunal Militar Territorial, estas últimas sen ningunha en galego. Os unipersoais representan o 1,8 % do total e o 2,0 % das resolucións en galego. Para facilitar a comparación, as táboas e figuras identifican o universo empregado mediante as indicacións «órganos colexiados» ou «todos os órganos».

A análise abrangue o período 1990-2025. O inicio da serie sitúase despois da posta en funcionamento do TSXG, inaugurado en 1989. O último ano, 2025, corresponde ao exercicio completo máis recente na data de extracción. A lectura da evolución ten en conta a escasa cobertura dos primeiros anos.

3.2. Criterios de incorporación ao CENDOJ e cobertura da base

A incorporación de resolucións ao CENDOJ variou co tempo. O artigo 7 do Regulamento 1/2005, do Consello Xeral do Poder Xudicial, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, establece a remisión ao CENDOJ de todas as sentenzas e doutras resolucións que poidan resultar de interese[8]. Esta previsión de remisión debe distinguirse da cobertura efectiva do buscador público. A revisión especializada sinala unha ampliación progresiva da publicación, inicialmente centrada nas resolucións de interese xurisprudencial e posteriormente nas dos órganos colexiados, cunha presenza máis limitada dos unipersoais. A base dispoñible para a consulta non constitúe un rexistro exhaustivo das resolucións ditadas. Para interpretar a serie cómpre atender a catro aspectos da súa cobertura.

En primeiro lugar, entre 1990 e 1996 só se recollen 72 resolucións dos órganos colexiados de Galicia. Este volume non permite describir a práctica lingüística daquela etapa nin interpretar a falta de documentos en galego como a ausencia do seu uso. Os datos iniciais informan, sobre todo, da cobertura da fonte. A partir de 1997, cando se incorporan milleiros de resolucións anuais, a serie ofrece unha base máis ampla para analizar a evolución.

En segundo lugar, os órganos unipersoais teñen unha representación reducida na base. Os seus recontos non permiten estimar o volume total de actividade nin a súa distribución por lingua. Esta limitación aconsella analizar por separado a documentación publicada destes órganos, como se fai no apartado 4.7.

En terceiro lugar, a incorporación dos autos presenta irregularidades que dificultan a comparación temporal. Na serie obsérvase unha descontinuidade importante entre 2013 e 2016: o reconto nos órganos colexiados pasa de 3.002 en 2012 a 46 en 2013 e volve a 5.406 en 2017. Estas variacións non deben interpretarse directamente como cambios na actividade xudicial ou no uso das linguas, pois están condicionadas pola documentación incorporada á base.

[8] Consello Xeral do Poder Xudicial, Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, art. 7 (BOE núm. 231, 27 de setembro de 2005).

Por último, a lingua do documento publicado non permite coñecer necesariamente todas as versións lingüísticas dunha resolución. A consulta dos libros físicos de sentenzas da Sala do Civil e Penal do TSXG, realizada polo servizo de tradución e trasladada polas persoas expertas consultadas, axuda a precisar esta limitación. Segundo esta comprobación, as sentenzas civís recollidas nos libros que abranguen 1990-1998 e no de 1999 están en galego, mentres que desde 2000 ata 2019 figuran en castelán coas correspondentes traducións ao galego. A documentación publicada no CENDOJ non recolle integramente esta realidade, polo que cómpre distinguir entre a lingua das resolucións conservadas nos libros, as súas traducións e as versións accesibles na base.

Estas características delimitan o que se pode concluír a partir da serie. A evolución describe a documentación publicada e non permite reconstruír toda a produción xudicial galega. A falta de resolucións afecta tanto ao galego como ao castelán, polo que se descoñece o seu efecto sobre a porcentaxe de cada lingua.

3.3. Procedemento de extracción

A extracción realizouse mediante consultas estruturadas no buscador público do CENDOJ. Combináronse o ámbito territorial (Galicia ou cada unha das catro provincias), o idioma (galego, castelán ou todas as linguas) e o ano da resolución. Para cada combinación recolléronse os recontos que ofrece o buscador por xurisdición, tipo de resolución, tipo de órgano e relatoría. O traballo requiriu arredor de 1.200 consultas. A análise utiliza estes resultados agregados e non implica a descarga nin a reprodución do contido dos documentos xudiciais.

A análise documental e estatística complementouse coas achegas de persoas expertas consultadas do ámbito xurídico. As súas observacións incorporáronse para precisar as limitacións da fonte, contextualizar os resultados e orientar as propostas. Estas achegas identifícanse no texto e distínguense dos resultados obtidos directamente dos recontos do CENDOJ.

3.4. Indicadores

O indicador principal relaciona o número de resolucións publicadas en galego co total publicado en cada categoría. O denominador abrangue todas as linguas. Na práctica, os documentos en linguas distintas do galego e do

castelán teñen unha presenza moi reducida e non superan as catro resolucións anuais.

A porcentaxe acompáñase dos valores absolutos e da distribución das resolucións en galego entre as categorías analizadas. Estes datos responden a preguntas diferentes. O volume mostra que órganos achegan máis documentación nesta lingua, mentres que a porcentaxe indica o seu peso dentro da produción publicada de cada un. Un órgano cunha actividade moi elevada pode reunir moitas resolucións en galego e presentar, ao mesmo tempo, unha proporción reducida. Pola contra, unha porcentaxe alta pode corresponder a poucos documentos. A interpretación combina ambas as medidas.

A concentración por persoa calcúlase a partir da información sobre relatores que ofrece o CENDOJ. Examínase a proporción de resolucións en galego que corresponde ás persoas con maior volume, o número de relatores con dez ou máis resolucións anuais nesta lingua e cantos reúnen o 80 % da produción en galego de cada ano. Calcúlase tamén a porcentaxe de galego que resultaría se as resolucións dos tres relatores con máis produción nesta lingua de cada ano estivesen en castelán. Este exercicio mantén o total de documentos e serve para valorar a dependencia respecto dese grupo. As clasificacións anuais poden estar integradas por persoas distintas e deben diferenciarse da clasificación polo volume acumulado no conxunto do período. As porcentaxes de concentración toman como referencia todas as resolucións en galego, incluídas as que carecen de relator identificado: 139 entre 1997 e 2025, das que 135 corresponden a 1999. As variantes gráficas co nome dun mesmo relator (guións, espazos ou acentos) unificáronse para evitar que se contabilizasen como persoas distintas.

3.5. Tratamento da información sobre relatores

A información sobre a autoría das resolucións é pública, pero o estudo céntrase nas pautas de uso do galego e na súa concentración. Os resultados preséntanse de maneira agregada e anónima e, cando é necesario para interpretar un cambio, indícase a posición ou o órgano no que exerce a persoa, sen identificar o seu nome nin valorar a súa actuación profesional. Este tratamento fai posible examinar a relación entre as decisións lingüísticas individuais e os resultados do conxunto, mantendo a análise no plano das condicións de uso da lingua.

3.6. Cautelas

As categorías con poucos documentos requiren unha lectura prudente, xa que unha variación pequena pode modificar moito a porcentaxe. Nestes casos dáse preferencia aos valores absolutos e evítase xeneralizar a partir dun número reducido de resolucións. O ano 2026 queda fóra da serie por estar incompleto na data de extracción; as referencias puntuais a el serven unicamente para observar a continuidade de cambios recentes. A clasificación por órgano, xurisdición e tipo de resolución parte das categorías do CENDOJ. Non se dispón do universo completo de resolucións ditadas nin de información suficiente sobre posibles cambios internos nos criterios de clasificación.

A identificación da lingua no CENDOJ pode conter erros. Nas comprobacións puntuais achegadas polas persoas expertas consultadas identificáronse resolucións redactadas en galego que figuran clasificadas como castelán e quedan, por tanto, fóra do reconto nesta lingua. Non se dispón dunha revisión sistemática que permita cuantificar o alcance desta limitación no conxunto da base.

4. Resultados

Neste apartado preséntanse os principais resultados da análise das resolucións publicadas no CENDOJ. Examínase primeiro a evolución da presenza do galego entre 1990 e 2025 e, a continuación, as diferenzas por órgano xudicial, xurisdición, tipo de resolución e territorio. Complétase a análise cunha aproximación aos órganos unipersoais e á concentración da produción en galego entre os relatores e relatoras. A lectura conxunta dá conta de canto se utiliza esta lingua na documentación publicada, onde se concentra e como cambia a súa presenza ao longo do tempo.

4.1. Evolución xeral, 1990-2025

Entre 1990 e 2025, os órganos colexiados de Galicia contan con 18.842 resolucións en galego publicadas no CENDOJ, o 3,4 % do total. A proporción sitúa o galego nunha posición minoritaria dentro da documentación analizada, na que predomina amplamente o castelán. A serie mostra como se distribúe esa presenza ao longo de máis de tres décadas e permite comprobar se os cambios anuais se acompañan dunha ampliación sostida do seu uso. Para esta lectura cómpre considerar as diferenzas de cobertura entre os primeiros anos e o resto do período.

Figura 1. Porcentaxe de resolucións publicadas en galego
Órganos colexiados de Galicia, 1997-2025



Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ (extracción do 13/10/2026). O rombo indica a porcentaxe de 2025 se as 276 resolucións en galego da xurisdición social estivesen redactadas en castelán.

Os rexistros iniciais son escasos: entre 1990 e 1995 non aparecen resolucións en galego e en 1996 recóllese a primeira. O conxunto destes sete anos suma só 72 resolucións, polo que os datos describen sobre todo a cobertura da fonte naquela etapa, coas limitacións sinaladas no apartado 3.2. A análise da evolución conta cun volume documental máis amplo desde 1997, ano a partir do cal se representa a serie na figura 1.

A finais dos anos noventa e comezos da década seguinte obsérvanse variacións amplas. A porcentaxe de galego sitúase no 3,99 % en 1998 e no 4,38 % en 1999, para descender ao 0,41 % en 2000. Estes primeiros cambios deben interpretarse nun contexto de ampliación da base documental. A análise por relator, que se desenvolve máis adiante, permite valorar tamén o peso da actividade dun grupo reducido de persoas nos resultados anuais.

Desde 2006 ata mediados da década de 2010, a porcentaxe oscila habitualmente entre o 2,5 % e o 4,3 %. Os aumentos dalgúns anos altérnanse con descensos, de maneira que o galego mantén unha presenza conti-

nuada sen un crecemento sostido da súa participación. Desde 2016 apréciase unha evolución moderadamente favorable, tamén con oscilacións. En 2018 acádase o 4,11 % e nos anos seguintes os valores permanecen próximos a ese nivel, coa excepción de 2020, cando se reducen ao 3,26 %. No período 2021-2025 obsérvase unha recuperación que remata co 4,85 % de 2025. A desagregación por xurisdición axuda a precisar a procedencia desta mellora recente.

Táboa 2. Resolucións publicadas en galego por períodos. Órganos colexiados de Galicia

Período	Total	En galego	% en galego
1990-1996	72	1	1,39 %
1997-2005	141.292	3.667	2,60 %
2006-2012	146.480	5.515	3,77 %
2013-2016	73.010	2.048	2,81 %
2017-2021	99.350	3.698	3,72 %
2022-2025	93.555	3.913	4,18 %
Total 1990-2025	553.759	18.842	3,40 %

Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ. O total inclúe todas as linguas.

O ano 2025 presenta tanto a porcentaxe máis alta do período 1997-2025 como o maior número de resolucións en galego, 1.178. A mellora afecta, por tanto, ás dúas medidas: aumenta o peso relativo da lingua e tamén a documentación publicada nela. O resultado debe situarse, con todo, no contexto do período, xa que a proporción continúa por baixo do 5 %. Unha parte importante do incremento corresponde á xurisdición social, que achega 276 resolucións en galego, como se explica no apartado 4.3. Se estes documentos estivesen en castelán e se mantivese o total publicado, a porcentaxe de galego sería do 3,71 %, inferior á de 2024 (3,93 %). O exercicio mostra o peso da mellora nesta xurisdición sobre o resultado anual e aconsella seguir a evolución antes de interpretar o máximo de 2025 como unha ampliación xeral do uso.

4.2. Diferenzas por órgano xudicial

A táboa 3 compara os órganos xudiciais segundo o número de resolucións publicadas en galego, a proporción que representan dentro de cada órgano e a súa achega ao conxunto da documentación nesta lingua.

Táboa 3. Resolucións publicadas en galego segundo órgano xudicial. Galicia, 1990-2025

Órgano	Total	En galego	% en galego	% sobre o galego	% acumulada
Audiencia Provincial	303.334	12.934	4,26 %	68,64 %	68,64 %
TSXG. Sala do Contencioso-Administrativo	101.207	5.515	5,45 %	29,27 %	97,91 %
TSXG. Sala do Social	146.454	368	0,25 %	1,95 %	99,86 %
Audiencia Provincial. Tribunal do Xurado	355	19	5,35 %	0,10 %	99,97 %
TSXG. Sala do Civil e Penal	2.409	6	0,25 %	0,03 %	100,00 %
Total	553.759	18.842	3,40 %	100,00 %	

Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ.

As Audiencias Provinciais reúnen o 68,6 % das resolucións en galego, case sete de cada dez. A súa achega relaciónase co elevado volume de documentación que publican. Dentro das propias Audiencias, o galego representa o 4,26 %, unha porcentaxe algo superior á media xeral. Este valor agregado abrangue, porén, situacións diferentes: o uso na orde civil e na penal non segue a mesma evolución e a maior parte das resolucións en galego procede da provincia de Pontevedra. Os apartados 4.4 e 4.6 desenvolven estas dúas diferenzas.


Na Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, o galego representa o 5,45 % das resolucións publicadas, por riba do 3,4 % do conxunto. A porcentaxe acompáñase dun volume documental relevante, polo que a sala ten un peso destacado na produción en galego. A análise anual mostra, ademais, un crecemento nos últimos anos, que se examina con máis detalle no apartado 4.3.

O Tribunal do Xurado presenta unha proporción do 5,35 %, correspondente a 19 resolucións en galego dun total de 355. O reducido tamaño desta categoría limita a interpretación do dato. A variación duns poucos documentos pode modificar apreciablemente a porcentaxe, polo que convén atender tamén ao reconto absoluto e evitar xeneralizacións.

A Sala do Civil e Penal e a Sala do Social do TSXG presentan, en ambos os casos, un 0,25 % de resolucións en galego, aínda que con volumes documentais moi distintos. A primeira reúne 2.409 resolucións, das que seis están publicadas en galego. A Sala do Social ten unha base documental próxima ás 150.000 resolucións, con 368 nesta lingua. Neste último

caso, a baixa porcentaxe corresponde a un volume elevado de actividade publicada no que o galego apenas aparece ata o cambio observado en 2025. No caso da Sala do Civil e Penal, a documentación dos libros físicos acredita unha presenza do galego que non queda reflectida integramente no CENDOJ, como se explica no apartado 3.2.

Figura 2. Resolucións publicadas en galego segundo órgano. Galicia, 1997-2025



Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ.

A evolución por órgano da figura 2 mostra o peso das Audiencias Provinciais e da Sala do Contencioso-Administrativo. As primeiras achegan o maior volume, inicialmente na orde civil e, sobre todo desde 2005, na penal. A sala do contencioso aumenta a súa participación desde 2008 e, de maneira máis apreciable, desde 2021. A Sala do Social presenta un pequeno volume en 1997-1998 e volve adquirir presenza en 2025.

4.3. Diferenzas por xurisdición

A distribución por xurisdición facilita a comparación entre ámbitos materiais distintos. A penal achega o maior volume de resolucións en galego do período, con 8.065, que representan o 42,8 % do total. A continuación sitúanse a contencioso-administrativa, con 5.515, e a civil, con 4.894. A social reúne 368 resolucións nesta lingua e ten unha participación moito menor

no conxunto. A táboa 4 recolle estes volumes e a proporción de galego dentro de cada xurisdición.


Táboa 4. Resolucións publicadas en galego segundo xurisdición. Órganos colexiados de Galicia, 1990-2025

Xurisdición	Total	En galego	% en galego	% sobre o galego	% acumulada
Penal	147.681	8.065	5,46 %	42,80 %	42,80 %
Contencioso-administrativa	101.207	5.515	5,45 %	29,27 %	72,07 %
Civil	158.417	4.894	3,09 %	25,97 %	98,05 %
Social	146.454	368	0,25 %	1,95 %	100,00 %
Total	553.759	18.842	3,40 %	100,00 %	

Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ. Penal inclúe o Tribunal do Xurado.

A proporción de galego é semellante nas xurisdicións penal e contencioso-administrativa: un 5,46 % e un 5,45 %, respectivamente. Ambas superan a media do corpus. A civil presenta un 3,09 % e a social, un 0,25 %. A comparación cos volumes absolutos axuda a interpretar estas diferenzas. A penal combina a maior achega de documentación en galego cunha proporción superior á media. A contencioso-administrativa acada unha porcentaxe equivalente cun volume total menor. A civil reúne aproximadamente unha cuarta parte das resolucións en galego, aínda que a súa proporción interna é máis baixa. Na social, tanto o volume como o peso relativo son reducidos.

Figura 3. Porcentaxe de resolucións publicadas en galego segundo xurisdición. Órganos colexiados de Galicia, 1997-2025



Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ.

As diferenzas entre xurisdicións amplíanse ao observar a evolución temporal (táboas 5 e 6). Na contencioso-administrativa, a porcentaxe de galego pasa do 1,6 % en 1997-2005 ao 13,0 % en 2022-2025 e acada o 14,81 % en 2025, o valor máis alto das xurisdicións principais. A Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG é o único órgano colexiado desta orde en Galicia. O volume de resolucións en galego pasa de 166 en 2020 a 375 en 2022, o que permite situar nese intervalo unha parte importante do crecemento recente.

Táboa 5. Porcentaxe de resolucións publicadas en galego segundo xurisdición, 2021-2025. Órganos colexiados

Xurisdición	2021	2022	2023	2024	2025
Civil	3,30 %	1,64 %	0,97 %	0,25 %	0,20 %
Penal	4,72 %	6,00 %	7,06 %	7,49 %	5,82 %
Contencioso-administrativa	9,37 %	13,49 %	12,02 %	11,70 %	14,81 %
Social	0,02 %	0,03 %	0,00 %	0,00 %	4,69 %
Total	3,70 %	4,00 %	3,93 %	3,93 %	4,85 %

Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ.

Táboa 6. Porcentaxe de resolucións publicadas en galego segundo Xurisdición e período. Órganos colexiados

Xurisdición	1997-2005	2006-2012	2013-2016	2017-2021	2022-2025
Civil	4,06 %	2,95 %	4,25 %	3,48 %	0,75 %
Penal	4,30 %	6,60 %	2,57 %	5,57 %	6,57 %
Contencioso-administrativa	1,64 %	5,12 %	6,32 %	7,69 %	12,95 %
Social	0,22 %	0,02 %	0,00 %	0,01 %	1,14 %
Total	2,60 %	3,77 %	2,81 %	3,72 %	4,18 %

Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ.

Na xurisdición penal, a porcentaxe de galego presenta unha evolución máis estable. Tras o 2,6 % do período 2013-2016, recupérase e nos últimos anos sitúase entre o 5 e o 7,5 %. En 2024 chega ao 7,49 % e en 2025 descende ao 5,82 %. Estes valores permanecen por riba da media xeral, aínda que o crecemento é menor que na contencioso-administrativa.

A xurisdición civil presenta recentemente unha tendencia á baixa. O 3,09 % do conxunto do período contrasta coa redución do 3,30 % en 2021 ao 0,20 % en 2025. O descenso coincide coa interrupción da produción publicada nesta lingua dun relator que asina 204 resolucións en galego en

2021 e 79 en 2022, mentres que desde 2023 non se volven rexistrar novas resolucións súas en galego. Nas Audiencias Provinciais, o volume de resolucións civís en lingua galega pasa de 208 en 2021 a 66 en 2023 e 15 en 2025. Esta evolución mostra a incidencia da produción dun só profesional na presenza do galego nesta orde.

Na xurisdición social, o uso do galego é moi reducido durante case toda a serie. Entre 1999 e 2024, a Sala do Social non rexistra ningunha resolución nesta lingua na maioría dos anos e entre unha e tres nalgúns deles. En 2025 a porcentaxe ascende ao 4,69 %, con 276 resolucións. Todas elas están asinadas por un mesmo relator. Os datos parciais de 2026, con 215 resolucións ata outubro, mostran que a publicación en galego continúa no ano seguinte. A mellora é apreciable nun órgano cun elevado volume documental, aínda que o curto período transcorrido aconsella seguir a súa evolución antes de valorar a estabilidade do cambio.

A comparación dos últimos cinco anos sitúa a mellora global nunha evolución desigual. O aumento procede principalmente da contencioso-administrativa, en menor medida da penal e, en 2025, da social. A civil, pola contra, presenta un descenso pronunciado. Estes resultados non permiten afirmar que exista un proceso xeral de extensión do galego nas resolucións publicadas. A desagregación localiza os cambios, pero os recontos non permiten determinar por si sós as súas causas nin separar o efecto das prácticas individuais, das condicións institucionais e da cobertura da fonte.

4.4. A Audiencia Provincial: orde civil e orde penal

A separación das ordes civil e penal axuda a precisar os resultados das Audiencias Provinciais (táboa 7). No conxunto do período, a proporción de galego é maior na penal, cun 5,51 %, que na civil, cun 3,11 %. A primeira achega tamén máis de tres de cada cinco resolucións en galego destas Audiencias. Nos últimos anos amplíanse as diferenzas: a penal mantén valores entre o 5 e o 8 %, mentres que na civil a presenza do galego se reduce ata niveis moi baixos en tres anos.

Táboa 7. Resolucións en galego nas Audiencias Provinciais segundo orde xurisdicional

	Civil: en galego	Civil: %	Penal: en galego	Penal: %
1997-2025	4.890	3,11 %	8.044	5,51 %
2021	208	3,32 %	334	4,79 %
2022	115	1,65 %	422	6,13 %
2023	66	0,98 %	446	7,22 %
2024	18	0,25 %	564	7,64 %
2025	15	0,20 %	474	5,94 %

Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ. Non inclúe o Tribunal do Xurado.

4.5. Diferenzas por tipo de resolución

A análise por tipo de resolución abrangue todos os órganos con sede en Galicia. A comparación debe atender ás diferenzas de cobertura descritas no apartado 3.2, especialmente no caso dos autos.

Táboa 8. Resolucións publicadas en galego segundo tipo de resolución. Galicia, 1997-2025

Tipo de resolución	Total	En galego	% en galego	% sobre o galego	Observacións
Sentenzas	493.699	14.217	2,88 %	73,98 %	Categoría maioritaria
Sentenzas de casación	4	0	0,00 %	0,00 %	Volume moi reducido
Autos (outros)	69.784	4.915	7,04 %	25,58 %	Categoría relevante
Autos aclaratorios	1.334	71	5,32 %	0,37 %	Volume reducido
Autos de inadmisión	125	13	10,40 %	0,07 %	Volume reducido
Autos de admisión	5	1	20,00 %	0,01 %	Volume moi reducido
Total	564.951	19.217	3,40 %	100,00 %	

Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ. Todos os órganos con sede en Galicia.

As sentenzas constitúen a maior parte da documentación publicada. Das 493.699 recollidas nesta categoría, 14.217 están en galego, o 2,88 %. Representan, ademais, o 74 % de todas as resolucións nesta lingua. Os autos clasificados como «outros» teñen un volume menor, pero unha proporción de galego máis alta, do 7,04 %. As demais categorías reúnen poucos documentos, polo que algunhas porcentaxes deben lerse con especial cautela. O 20 % dos autos de admisión, por exemplo, corresponde a un único documento en galego dun total de cinco.

Ao agrupar as categorías en dúas familias, os autos suman 71.248 resolucións, con 5.000 en galego (7,02 %), e as sentenzas, 493.703, con 14.217 nesta lingua (2,88 %). A maior proporción nos autos mantense nos anos de

cobertura máis regular, 2006-2012 e 2017-2025. Neles, a porcentaxe sitúase entre o 5,7 e o 9,3 %, coa excepción de 2006, cando chega ao 14,5 %. Nas sentenzas oscila entre o 2,3 e o 3,7 %, agás en 2025, que acada o 4,55 %. O anexo 5 presenta a serie completa, na que se observan estas diferenzas anuais, así como os anos en que a escasa publicación de autos limita a comparación.

A maior proporción de galego nos autos debe interpretarse tendo en conta os órganos e relatores que os producen e os criterios de selección dos documentos publicados. A clasificación documental, por si soa, non explica esta diferenza.

4.6. Distribución territorial

A análise territorial inclúe todos os órganos e atribúe cada resolución á provincia en que se atopa a súa sede. As tres salas do TSXG contabilízanse, por tanto, na Coruña. Esta asignación debe terse en conta na lectura da táboa 9, xa que a composición dos órganos inflúe nas diferenzas provinciais.

Táboa 9. Resolucións publicadas en galego segundo provincia da sede do órgano. Galicia, 1997-2025

Provincia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Total	366.166	34.431	36.359	127.995	564.951
En galego	6.586	554	6	12.071	19.217
% en galego	1,80 %	1,61 %	0,02 %	9,43 %	3,40 %
% sobre o galego	34,27 %	2,88 %	0,03 %	62,81 %	100,00 %
Audiencia Provincial: en galego	657	405	5	11.867	12.934
Audiencia Provincial: %	0,59 %	1,21 %	0,01 %	9,66 %	4,26 %


Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ. Todos os órganos. Na Coruña inclúense as salas do TSXG, que achegan 5.889 das 6.586 resolucións en galego desta provincia.

Pontevedra reúne o 63 % das resolucións en galego e presenta unha proporción do 9,4 %, próxima ao triplo da media. A maior parte corresponde á súa Audiencia Provincial, con 11.867 resolucións nesta lingua: o 92 % das resolucións en galego das Audiencias Provinciais e o 62 % das publicadas en Galicia. A evolución recente é, con todo, descendente. Na maior parte dos anos ata 2011, a proporción de galego na Audiencia de Pontevedra situábase entre o 10 e o 14 %. En 2024-2025 pasa a valores entre o 4,5 e o 6,6 %. Esta redución coincide co descenso na orde civil descrito no apartado 4.3.

Na Coruña, o galego representa o 1,8 % das resolucións do período. Neste resultado inflúe a inclusión da Sala do Social do TSXG, que achega un volume moi elevado de documentos, case todos en castelán. Desde 2021 a porcentaxe provincial aumenta de maneira sostida ata o 4,7 % de 2025, polo crecemento da xurisdición contencioso-administrativa e, nese último ano, da social. A Audiencia Provincial mantén unha proporción moito máis baixa, do 0,59 %, polo que convén distinguir a súa situación da das salas do TSXG.

Lugo presenta valores baixos durante a maior parte do período, cun aumento en 2013-2014 e unha mellora recente que sitúa a porcentaxe no 6,2 % en 2024 e no 5,9 % en 2025. Nesta evolución participan tanto a Audiencia Provincial como a maior incorporación de resolucións de órganos unipersoais que traballan en galego. En Ourense, a presenza da lingua galega é moi reducida: a base recolle seis resolucións en galego de órganos con sede na provincia entre 1997 e 2025. Cinco corresponden á Audiencia Provincial, nun conxunto de máis de 36.000 resolucións publicadas.

Figura 4. Porcentaxe de resolucións publicadas en galego segundo provincia. Galicia, 1997-2025



Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ. Todos os órganos.

A distribución territorial está condicionada pola localización e a composición dos órganos xudiciais. As porcentaxes provinciais describen a documentación publicada polos órganos con sede en cada provincia.

4.7. Os órganos unipersoais

A limitada incorporación das resolucións dos órganos unipersoais, descrita no apartado 3.2, aconsella analizalas separadamente do corpus principal. Os datos dispoñibles permiten coñecer o seu volume na base e os cambios recentes na publicación, aínda que non describen o conxunto da súa actividade. A serie completa figura no anexo 7.

Entre 1997 e 2025, o CENDOJ recolle 10.388 resolucións de xulgados con sede en Galicia, das que 376 están en galego, un 3,6 %. O seu volume é reducido en relación co dos órganos colexiados e a incorporación ao corpus apenas modifica a porcentaxe global, que se mantén no 3,4 %. Nos últimos anos, porén, aumenta a publicación de documentos destes órganos: pásase de 604 resolucións en 2021 a 2.409 en 2025, cunha ampliación da cobertura desde 2022. En 2024, a proporción de galego nos unipersoais supera a dos colexiados (6,4 % fronte a 3,9 %), mentres que en 2025 é semellante (4,8 % fronte a 4,9 %). Os anos 2024 e 2025 reúnen 253 resolucións en galego, arredor de dous terzos das publicadas por estes órganos no conxunto da serie.

A información achegada na revisión especializada indica que hai órganos unipersoais nos que o galego se emprega habitualmente, pero cuxa produción ten unha presenza moi limitada no CENDOJ. O volume de resolucións nesta lingua é, por tanto, superior ao recollido na base, aínda que non se pode determinar o efecto desta cobertura sobre a porcentaxe global, xa que tamén quedan fóra resolucións en castelán. Para coñecer o uso do galego no conxunto da actividade destes órganos sería necesario complementar a fonte pública con datos do sistema de xestión procesual.

4.8. A concentración do uso do galego

A análise anterior mostra unha presenza reducida do galego e diferenzas importantes entre os ámbitos estudados. Para interpretar o resultado global interesa coñecer tamén como se reparte o uso e que parte depende dun número limitado de órganos ou de persoas. Unha mesma porcentaxe pode corresponder a situacións distintas: a un emprego pouco frecuente

pero distribuído entre moitos profesionais ou a un uso habitual concentrado nun grupo pequeno. Este apartado examina esa distribución en dous planos complementarios, o institucional e o persoal. A súa lectura permite valorar as condicións de continuidade do galego na documentación publicada.

4.8.1. A concentración institucional

As Audiencias Provinciais e a Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG reúnen o 97,9 % das resolucións en galego dos órganos colexiados (táboa 3). Esta concentración mostra que a presenza da lingua se sostén fundamentalmente nestes dous ámbitos institucionais, cunha achega moi pequena dos demais órganos ao longo do período.

A concentración por órgano non se corresponde cunha concentración equivalente nunha única xurisdición: nas Audiencias Provinciais conviven a produción civil e a penal, con evolucións diferentes. Tampouco existe unha distribución equilibrada entre as propias Audiencias, como mostra o peso da de Pontevedra na análise territorial. Cómpre, por tanto, relacionar os resultados de cada institución coa súa actividade e coa distribución da produción entre os seus relatores.

4.8.2. A concentración persoal

A información sobre o relator ou relatora serve para completar a análise institucional e coñecer como se distribúen as resolucións en galego entre as persoas que as asinan. Esta dimensión axuda a valorar ata que punto os resultados dun órgano dependen dun grupo reducido de profesionais. De acordo co criterio do apartado 3.5, os datos preséntanse de forma agregada e anónima.

Entre 1997 e 2025, 86 relatores e relatoras distintos asinaron algunha resolución publicada en galego. As tres persoas con maior volume acumulado no conxunto do período asinan o 74,6 % destas resolucións, as cinco primeiras o 85,6 % e as dez primeiras o 93,6 %. Ao mesmo tempo, dous de cada tres relatores non chegan a dez resolucións nesta lingua en todo o período, e arredor dunha trintena asinaron só unha. Conviven, así, un grupo pequeno cunha produción elevada e un conxunto máis amplo cunha presenza ocasional na documentación publicada en galego.

A concentración obsérvase tamén nos resultados anuais. Ata 2021, coa excepción de 1999 e de 2015-2016, tres relatores ou menos reúnen o 80 % das resolucións en galego de cada ano.


Táboa 10. Indicadores de concentración das resolucións en galego por relator. Galicia, medias anuais por período

Período	Relatores con algunha resolución en galego	Relatores con 10 ou máis	% do primeiro	% dos tres primeiros	% galego observado	% galego sen os tres primeiros
1997-2005	8,1	3,7	41,7 %	87,3 %	2,6 %	0,4 %
2006-2012	8,7	4,1	40,4 %	93,8 %	3,8 %	0,2 %
2013-2016	10,8	5,8	31,4 %	78,9 %	2,8 %	0,6 %
2017-2021	10,6	4,6	37,6 %	85,4 %	3,7 %	0,5 %
2022-2025	17,0	9,8	28,7 %	72,1 %	4,2 %	1,2 %

Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ. Todos os órganos. Medias dos valores anuais. As porcentaxes calcúlanse sobre o total de resolucións en galego, incluídas as que non teñen relator identificado.

A última columna da táboa mide a incidencia dos tres relatores con maior produción anual en galego. Se as súas resolucións estivesen en castelán, a porcentaxe de galego quedaría por baixo do 1 % en case todos os anos anteriores a 2022. Entre 2006 e 2012 situaríase nunha media do 0,2 % (figura 5). O exercicio mantén o volume total de documentación e mostra ata que punto o resultado agregado depende da actividade deste grupo, unha dimensión que a porcentaxe global por si soa non permite apreciar.

Figura 5. Porcentaxe de resolucións en galego observada e sen os tres relatores con máis resolucións en galego de cada ano. Galicia, 1997-2025



Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ. Todos os órganos.

Os casos da civil e da social, descritos no apartado 4.3, mostran a incidencia da produción de persoas concretas nos resultados dos seus órganos e xurisdicións. A concentración observada fai que a continuidade do galego na documentación publicada sexa especialmente sensible ás variacións na actividade dun grupo reducido de profesionais.

Desde 2022 obsérvase, con todo, unha ampliación do grupo con dez ou máis resolucións anuais en galego, que pasa de catro ou cinco persoas a entre oito e trece. A concentración continúa sendo elevada, pero diminúe respecto dos anos anteriores. Esta variación pode estar relacionada tanto coa maior incorporación de resolucións dos órganos unipersoais como co paso de profesionais a órganos con maior presenza na base. O seguimento da serie permitirá valorar en que medida o aumento responde a unha extensión do uso ou a unha maior visibilidade de prácticas existentes.

A lectura conxunta dos resultados mostra unha elevada concentración tanto por órgano como por persoa. Para valorar a continuidade do uso cómpre atender á porcentaxe de resolucións publicadas en galego, ao número de relatores que contribúen a esa produción e á súa distribución ao longo do tempo. A información acerca das condicións institucionais e dos cambios na cobertura da fonte pode completar esta análise, sen atribuír aos recontos unha capacidade explicativa que non teñen.

5. Conclusións e propostas

A presenza do galego nas resolucións xudiciais publicadas no CENDOJ mantense en niveis baixos ao longo do período analizado. Entre 1990 e 2025 representa o 3,4 % da documentación dos órganos colexiados de Galicia: a inmensa maioría da produción publicada está en castelán, nunha sociedade en que arredor do 46 % da poboación de cinco ou máis anos fala sempre ou maioritariamente en galego, segundo a *Enquisa estrutural a fogares* do Instituto Galego de Estatística (IGE) de 2023. A serie mostra oscilacións e etapas de mellora, pero non unha expansión sostida durante estas tres décadas.

A mellora recente merece, con todo, atención. En 2025 acádase o máximo do período 1997-2025, tanto en volume como en porcentaxe, cun 4,85 % de resolucións en galego. O crecemento da xurisdición contencioso-administrativa e a incorporación dun volume apreciable de documentación da xurisdición social contribúen a este resultado. A evolución

non é común a todos os ámbitos: mentres aumenta a presenza nestas xurisdicións, a civil experimenta un descenso pronunciado. O balance global reúne, por tanto, cambios de distinto signo. Será necesario observar a súa continuidade para determinar se a mellora recente se consolida e se estende a máis órganos.

A concentración por relator é un dos resultados máis relevantes deste estudo. Entre 1997 e 2025 identifícanse 86 persoas que asinaron algunha resolución publicada en galego, pero as tres con maior volume acumulado reúnen o 74,6 % desa produción. Que case tres cuartas partes das resolucións nesta lingua dependan de só tres persoas mostra ata que punto o seu uso está lonxe de constituír unha práctica institucional estendida. A súa continuidade descansa en boa medida na actividade dun grupo moi reducido de profesionais, o que a fai especialmente vulnerable aos cambios na súa participación. Os datos recentes ilustran esta dependencia: a presenza do galego nas resolucións civís publicadas cae ata o 0,2 %, nun período en que un relator deixa de rexistrar novas resolucións nesta lingua na serie, mentres que toda a produción en galego da Sala do Social en 2025 corresponde a unha soa persoa. Esta dependencia pon de manifesto a necesidade de condicións institucionais que sosteñan o emprego do galego máis alá da iniciativa persoal de quen o utiliza.

Nos últimos anos aumenta o número de relatores con dez ou máis resolucións anuais en galego. Este incremento pode responder á extensión do uso ou a unha maior visibilidade na base de profesionais que xa traballaban nesta lingua, ben por cambios na cobertura do CENDOJ, ben polo seu paso a órganos con maior presenza na base. Cómpre distinguir entre un aumento da documentación publicada, unha maior proporción de galego e unha distribución máis ampla entre persoas e órganos. Estas evolucións poden coincidir, pero non son equivalentes. O seguimento conxunto das tres dimensións ofrecerá unha visión máis completa da continuidade da lingua neste ámbito.

A distribución institucional e territorial tamén é desigual. A maior parte da documentación en galego procede das Audiencias Provinciais e da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, cun peso destacado da Audiencia Provincial de Pontevedra. As diferenzas provinciais están condicionadas pola localización dos órganos e pola súa composición, polo que non poden interpretarse como un reflexo do uso social da lingua. Do

mesmo xeito, a presenza reducida de resolucións dun órgano na base non describe necesariamente toda a súa actividade lingüística.

A cobertura limitada dos órganos unipersoais e a ausencia dalgunhas versións en galego deixan fóra da base unha parte da actividade nesta lingua. O diagnóstico debe completarse con información dos sistemas de xestión procesual que permita coñecer o conxunto da produción.

Os resultados deben situarse, ademais, no contexto descrito pola bibliografía, polos plans de normalización de 2004 e 2026 e polo foro *Un país coa súa lingua*. Estes antecedentes sinalan dificultades persistentes nas ferramentas, nos recursos de apoio e nas condicións de uso do galego. A análise realizada non mide o efecto de cada un destes factores nin avalía a eficacia das actuacións desenvolvidas. Como continuidade deste estudo, interesa investigar as condicións que facilitan ou dificultan o traballo habitual en galego e a relación entre a elección lingüística das partes, a lingua de redacción das resolucións e a das notificacións. A combinación de datos dos sistemas de xestión procesual con entrevistas a profesionais e persoas usuarias permitiría abordar estas cuestións.

Unha primeira proposta é incorporar este seguimento á avaliación das políticas lingüísticas. A actualización periódica da serie debería combinar a porcentaxe de resolucións en galego coa súa distribución por órgano, xurisdición e territorio e cos indicadores de concentración por relator. Deste xeito, poderíase comprobar se as melloras se manteñen, se chegan a máis ámbitos e se se acompañan dunha participación máis ampla dos profesionais. A metodoloxía deste informe proporciona un punto de partida reproducible, que deberá conservar criterios comparables e documentar os cambios na cobertura da fonte.

É necesario tamén mellorar a información sobre a produción que non chega ao CENDOJ. A colaboración coas administracións responsables da xustiza e coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) permitiría explorar a incorporación da lingua das sentenzas e dos autos definitivos aos datos dos sistemas de xestión procesual, mediante un campo específico ou procedementos de identificación automática validados. Isto facilitaría recontos periódicos por órgano e xurisdición e permitiría coñecer mellor a actividade dos órganos unipersoais. Interesa, así mesmo, dispoñer de información sobre os criterios de incorporación á

base e sobre as súas modificacións. Unha cobertura máis completa e mellor documentada facilitaría tanto o diagnóstico lingüístico como a interpretación das variacións anuais.

A elevada concentración observada reforza a necesidade de facilitar o uso continuado do galego no traballo ordinario. As propostas dos plans e do foro concretan esta liña en aplicacións plenamente operativas en galego, modelos documentais actualizados, recursos terminolóxicos e apoio lingüístico estable. O foro propón, ademais, o galego como lingua de inicio por defecto nas aplicacións. As novas ferramentas de intelixencia artificial deberían ser, igualmente, plenamente operativas en todas as linguas oficiais. Un servizo de normalización na Administración de xustiza, coordinado desde o TSXG, ofrecería tradución, revisión e asesoramento. Interesa tamén acompañar as remudas e os cambios de destino con modelos, ferramentas e apoio lingüístico que faciliten manter o traballo en galego tanto no órgano de chegada como naqueles en que esta práctica xa está asentada.

Os órganos piloto propostos polo foro ofrecerían un ámbito para avaliar a utilización das ferramentas e as dificultades atopadas. As actuacións deben atender tanto aos ámbitos onde a lingua apenas aparece como á consolidación daqueles en que o seu uso depende de poucas persoas.

Na relación coa cidadanía, interesa recuperar a pregunta de oficio pola lingua habitual da persoa antes do inicio do procedemento, prevista no PXNLG-2004, e facilitar que poida escoller a lingua en que desexa recibir as comunicacións e notificacións. Esta elección debe acompañarse dos medios necesarios para atendela. As administracións galegas que interveñen como parte poden contribuír tamén empregando o galego nos seus escritos e mantendo esta lingua nos expedientes tramitados en galego na vía administrativa.

Outra liña de actuación é incorporar ao CENDOJ as traducións ao galego notificadas ás partes, reunidas nun mesmo documento coa versión orixinal e coa identificación da lingua de cada versión. Isto ampliaría os materiais dispoñibles para a consulta e o traballo xurídico. Para a análise estatística, ambas as versións deberían contabilizarse como unha única resolución.

A mellora recente abre unha oportunidade para ampliar a presenza do galego na xustiza. Consolidala require que o seu uso poida manterse e estenderse máis alá do compromiso dun grupo reducido de profesionais. O horizonte é que traballar e recibir atención en galego forme parte do funcionamento habitual da Administración de xustiza, coa continuidade que corresponde a unha lingua oficial e de uso social en Galicia.

Anexos

Os anexos reúnen as series anuais completas que serven de base á análise. Os tres primeiros corresponden aos órganos colexiados, mentres que os anexos 4 a 7 amplían o ámbito aos órganos con sede en Galicia, que se indican en cada caso.

Anexo 1. Resolucións publicadas en galego por ano. Órganos colexiados de Galicia, 1990-2025

Ano	Total	En galego	% en galego
1990-1996	72	1	1,39 %
1997	4.175	86	2,06 %
1998	15.978	637	3,99 %
1999	18.203	797	4,38 %
2000	21.418	88	0,41 %
2001	19.684	549	2,79 %
2002	18.211	312	1,71 %
2003	15.392	552	3,59 %
2004	13.306	250	1,88 %
2005	14.925	396	2,65 %
2006	17.018	738	4,34 %
2007	17.271	674	3,90 %
2008	20.582	870	4,23 %
2009	22.153	857	3,87 %
2010	22.817	856	3,75 %
2011	23.196	851	3,67 %
2012	23.443	669	2,85 %
2013	18.292	544	2,97 %
2014	18.471	475	2,57 %
2015	18.663	491	2,63 %
2016	17.584	538	3,06 %
2017	21.560	808	3,75 %
2018	16.732	687	4,11 %
2019	19.661	759	3,86 %
2020	19.673	641	3,26 %
2021	21.724	803	3,70 %
2022	22.874	914	4,00 %
2023	22.123	869	3,93 %
2024	24.249	952	3,93 %
2025	24.309	1.178	4,85 %
1990-2025	**553.759**	**18.842**	**3,40 %**

Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ (extracción do 13/10/2026).

Anexo 2. Resolucións publicadas en galego por ano e xurisdición. Órganos colexiados

Ano	Civil (galego)	%	Penal (galego)	%	Contencioso (galego)	%	Social (galego)	%
1990-1996	1	10,00 %	0	0,00 %	0	0,00 %	0	0,00 %
1997	59	4,80 %	16	1,53 %	0	0,00 %	11	0,94 %
1998	357	7,16 %	212	5,00 %	1	0,04 %	67	1,64 %
1999	446	8,61 %	349	7,67 %	0	0,00 %	2	0,04 %
2000	30	0,49 %	20	0,43 %	38	0,84 %	0	0,00 %
2001	205	3,67 %	120	3,20 %	224	4,91 %	0	0,00 %
2002	137	2,29 %	142	3,46 %	33	0,63 %	0	0,00 %
2003	303	6,63 %	165	5,00 %	83	2,07 %	1	0,03 %
2004	157	4,31 %	60	1,91 %	33	1,39 %	0	0,00 %
2005	14	0,30 %	288	9,23 %	93	2,68 %	1	0,03 %
2006	45	0,74 %	618	11,49 %	75	1,78 %	0	0,00 %
2007	149	2,44 %	441	8,42 %	84	1,96 %	0	0,00 %
2008	195	3,08 %	371	6,22 %	301	8,35 %	3	0,06 %
2009	246	4,08 %	297	5,50 %	314	6,82 %	0	0,00 %
2010	214	3,86 %	274	5,14 %	367	6,56 %	1	0,02 %
2011	203	3,28 %	365	5,88 %	281	5,78 %	2	0,03 %
2012	197	3,27 %	258	4,14 %	214	4,48 %	0	0,00 %
2013	223	4,99 %	109	2,78 %	212	4,84 %	0	0,00 %
2014	196	4,59 %	103	2,58 %	176	4,36 %	0	0,00 %
2015	200	4,63 %	97	2,42 %	194	6,18 %	0	0,00 %
2016	129	2,84 %	83	2,50 %	326	11,58 %	0	0,00 %
2017	188	3,48 %	458	6,28 %	162	6,50 %	0	0,00 %
2018	201	4,21 %	290	5,80 %	196	9,39 %	0	0,00 %
2019	198	3,50 %	389	6,24 %	172	6,77 %	0	0,00 %
2020	179	3,08 %	295	4,85 %	166	6,57 %	1	0,02 %
2021	208	3,30 %	335	4,72 %	259	9,37 %	1	0,02 %
2022	115	1,64 %	422	6,00 %	375	13,49 %	2	0,03 %
2023	66	0,97 %	447	7,06 %	356	12,02 %	0	0,00 %
2024	18	0,25 %	566	7,49 %	368	11,70 %	0	0,00 %
2025	15	0,20 %	475	5,82 %	412	14,81 %	276	4,69 %
1990-2025	**4.894**	**3,09 %**	**8.065**	**5,46 %**	**5.515**	**5,45 %**	**368**	**0,25 %**

Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ. A xurisdición penal inclúe o Tribunal do Xurado.

Anexo 3. Resolucións publicadas en galego por ano e órgano (entre parénteses, % sobre o total do órgano). Órganos colexiados

Ano	Audiencia Provincial			Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Salas)		
	Civil	Penal	Tribunal do Xurado	Contencioso-Administrativo	Social	Civil e Penal
1997	58 (4,7 %)	16 (1,5 %)	0 (–)	0 (0,0 %)	11 (0,9 %)	1 (50,0 %)
1998	357 (7,2 %)	212 (5,0 %)	0 (–)	1 (0,0 %)	67 (1,6 %)	0 (0,0 %)
1999	446 (8,7 %)	349 (7,7 %)	0 (–)	0 (0,0 %)	2 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2000	30 (0,5 %)	20 (0,4 %)	0 (–)	38 (0,8 %)	0 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2001	205 (3,7 %)	120 (3,2 %)	0 (–)	224 (4,9 %)	0 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2002	137 (2,3 %)	142 (3,5 %)	0 (0,0 %)	33 (0,6 %)	0 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2003	303 (6,7 %)	165 (5,0 %)	0 (–)	83 (2,1 %)	1 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2004	156 (4,3 %)	59 (1,9 %)	0 (0,0 %)	33 (1,4 %)	0 (0,0 %)	2 (2,4 %)
2005	14 (0,3 %)	288 (9,3 %)	0 (–)	93 (2,7 %)	1 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2006	45 (0,7 %)	617 (11,5 %)	1 (14,3 %)	75 (1,8 %)	0 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2007	149 (2,4 %)	440 (8,4 %)	1 (5,6 %)	84 (2,0 %)	0 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2008	195 (3,1 %)	370 (6,2 %)	1 (6,7 %)	301 (8,4 %)	3 (0,1 %)	0 (0,0 %)
2009	246 (4,1 %)	295 (5,5 %)	2 (10,5 %)	314 (6,8 %)	0 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2010	214 (3,9 %)	273 (5,2 %)	1 (4,8 %)	367 (6,6 %)	1 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2011	203 (3,3 %)	364 (5,9 %)	1 (5,6 %)	281 (5,8 %)	2 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2012	197 (3,3 %)	258 (4,2 %)	0 (0,0 %)	214 (4,5 %)	0 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2013	223 (5,0 %)	108 (2,8 %)	1 (5,0 %)	212 (4,8 %)	0 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2014	196 (4,7 %)	100 (2,5 %)	3 (9,7 %)	176 (4,4 %)	0 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2015	200 (4,7 %)	97 (2,4 %)	0 (0,0 %)	194 (6,2 %)	0 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2016	129 (2,9 %)	82 (2,5 %)	1 (12,5 %)	326 (11,6 %)	0 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2017	188 (3,5 %)	457 (6,3 %)	1 (7,1 %)	162 (6,5 %)	0 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2018	201 (4,3 %)	289 (5,9 %)	1 (5,6 %)	196 (9,4 %)	0 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2019	197 (3,5 %)	388 (6,4 %)	1 (4,3 %)	172 (6,8 %)	0 (0,0 %)	1 (0,6 %)
2020	179 (3,1 %)	295 (5,0 %)	0 (0,0 %)	166 (6,6 %)	1 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2021	208 (3,3 %)	334 (4,8 %)	1 (5,3 %)	259 (9,4 %)	1 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2022	115 (1,6 %)	422 (6,1 %)	0 (0,0 %)	375 (13,5 %)	2 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2023	66 (1,0 %)	446 (7,2 %)	1 (4,8 %)	356 (12,0 %)	0 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2024	18 (0,3 %)	564 (7,6 %)	2 (11,8 %)	368 (11,7 %)	0 (0,0 %)	0 (0,0 %)
2025	15 (0,2 %)	474 (5,9 %)	0 (0,0 %)	412 (14,8 %)	276 (4,7 %)	1 (0,5 %)
1997-2025	**4.890 (3,1 %)**	**8.044 (5,5 %)**	**19 (5,4 %)**	**5.515 (5,5 %)**	**368 (0,3 %)**	**5 (0,2 %)**

Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ.

Anexo 4. Resolucións publicadas en galego por ano e provincia da sede do órgano. Todos os órganos

Ano	A Coruña (galego)	%	Lugo (galego)	%	Ourense (galego)	%	Pontevedra (galego)	%
1997	12	0,39 %	0	0,00 %	0	0,00 %	74	14,29 %
1998	68	0,65 %	13	1,69 %	0	0,00 %	556	15,40 %
1999	2	0,02 %	36	3,75 %	1	0,07 %	758	22,25 %
2000	38	0,25 %	0	0,00 %	1	0,08 %	49	1,31 %
2001	225	1,66 %	5	0,40 %	0	0,00 %	319	8,91 %
2002	34	0,30 %	2	0,17 %	0	0,00 %	276	6,38 %
2003	84	0,90 %	6	0,36 %	0	0,00 %	462	14,01 %
2004	36	0,43 %	6	0,30 %	0	0,00 %	209	12,19 %
2005	94	1,02 %	6	0,31 %	0	0,00 %	296	11,28 %
2006	75	0,80 %	19	1,00 %	2	0,19 %	642	13,52 %
2007	84	0,87 %	28	1,66 %	0	0,00 %	562	11,32 %
2008	307	2,37 %	14	1,03 %	0	0,00 %	549	10,12 %
2009	314	2,06 %	10	0,91 %	0	0,00 %	533	11,01 %
2010	369	2,23 %	2	0,23 %	1	0,10 %	484	11,07 %
2011	283	1,77 %	5	0,43 %	0	0,00 %	563	10,74 %
2012	214	1,30 %	29	2,39 %	1	0,10 %	426	8,53 %
2013	215	1,60 %	77	8,67 %	0	0,00 %	254	8,14 %
2014	185	1,34 %	33	3,97 %	0	0,00 %	259	8,68 %
2015	286	2,04 %	12	1,28 %	0	0,00 %	194	6,89 %
2016	326	2,47 %	15	1,77 %	0	0,00 %	197	6,52 %
2017	163	1,23 %	11	1,12 %	0	0,00 %	636	10,15 %
2018	197	1,80 %	7	0,81 %	0	0,00 %	484	11,36 %
2019	174	1,42 %	8	0,60 %	0	0,00 %	577	10,52 %
2020	167	1,35 %	8	0,65 %	0	0,00 %	475	9,21 %
2021	260	1,99 %	2	0,18 %	0	0,00 %	545	8,58 %
2022	439	3,09 %	25	2,00 %	0	0,00 %	482	7,28 %
2023	515	3,58 %	6	0,65 %	0	0,00 %	416	6,49 %
2024	683	4,26 %	83	6,18 %	0	0,00 %	324	4,73 %
2025	737	4,71 %	86	5,94 %	0	0,00 %	470	6,48 %
1997-2025	**6.586**	**1,80 %**	**554**	**1,61 %**	**6**	**0,02 %**	**12.071**	**9,43 %**

Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ. As salas do TSXG cóntanse na provincia da Coruña.

Anexo 5. Sentenzas e autos publicados en galego por ano. Todos os órganos

Ano	Sentenzas (total)	Sentenzas en galego	%	Autos (total)	Autos en galego	%
1997	4.123	86	2,09 %	54	0	0,00 %
1998	15.866	632	3,98 %	112	5	4,46 %
1999	17.945	795	4,43 %	261	2	0,77 %
2000	21.214	87	0,41 %	208	1	0,48 %
2001	19.473	540	2,77 %	211	9	4,27 %
2002	18.141	311	1,71 %	73	1	1,37 %
2003	15.080	546	3,62 %	315	6	1,90 %
2004	12.593	247	1,96 %	725	4	0,55 %
2005	14.091	378	2,68 %	862	18	2,09 %
2006	14.552	375	2,58 %	2.502	363	14,51 %
2007	14.861	447	3,01 %	2.448	227	9,27 %
2008	17.469	652	3,73 %	3.144	218	6,93 %
2009	19.374	632	3,26 %	2.812	225	8,00 %
2010	19.907	610	3,06 %	2.965	246	8,30 %
2011	20.310	566	2,79 %	3.138	285	9,08 %
2012	20.544	479	2,33 %	3.084	191	6,19 %
2013	18.453	546	2,96 %	53	0	0,00 %
2014	18.593	470	2,53 %	59	7	11,86 %
2015	18.638	491	2,63 %	184	1	0,54 %
2016	17.693	535	3,02 %	350	3	0,86 %
2017	16.213	411	2,54 %	5.571	399	7,16 %
2018	13.668	441	3,23 %	3.363	247	7,34 %
2019	15.530	410	2,64 %	4.630	349	7,54 %
2020	15.140	360	2,38 %	5.038	290	5,76 %
2021	16.746	457	2,73 %	5.619	350	6,23 %
2022	18.772	594	3,16 %	5.334	352	6,60 %
2023	18.449	563	3,05 %	5.172	374	7,23 %
2024	20.096	638	3,17 %	6.361	452	7,11 %
2025	20.169	918	4,55 %	6.600	375	5,68 %
1997-2025	**493.703**	**14.217**	**2,88 %**	**71.248**	**5.000**	**7,02 %**

Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ. Entre 2013 e 2016 a base recolle moi poucos autos (apartado 3.2).

Anexo 6. Indicadores anuais de concentración das resolucións en galego por relator. Todos os órganos

Ano	Resolucións en galego	Rela-tores	Relatores con 10 ou máis	% do 1º	% dos 3 pri-meiros	% ga-lego	% galego sen os 3 primeiros
1997	86	8	3	40,7 %	84,9 %	2,06 %	0,31 %
1998	637	9	4	34,1 %	86,0 %	3,99 %	0,56 %
1999	797	12	5	26,9 %	75,7 %	4,38 %	1,07 %
2000	88	5	3	43,2 %	88,6 %	0,41 %	0,05 %
2001	549	11	4	40,3 %	82,9 %	2,79 %	0,48 %
2002	312	8	4	67,3 %	89,7 %	1,71 %	0,18 %
2003	552	8	4	32,4 %	83,7 %	3,59 %	0,58 %
2004	251	5	3	52,6 %	96,8 %	1,88 %	0,06 %
2005	396	7	3	37,6 %	97,0 %	2,65 %	0,08 %
2006	738	9	5	41,3 %	90,8 %	4,33 %	0,40 %
2007	674	10	5	48,5 %	83,5 %	3,89 %	0,64 %
2008	870	10	4	40,2 %	97,1 %	4,22 %	0,12 %
2009	857	7	4	36,5 %	97,9 %	3,86 %	0,08 %
2010	856	9	3	42,6 %	98,6 %	3,74 %	0,05 %
2011	851	10	4	36,1 %	92,8 %	3,63 %	0,26 %
2012	670	6	4	37,5 %	95,5 %	2,84 %	0,13 %
2013	546	11	5	38,6 %	84,8 %	2,95 %	0,45 %
2014	477	11	5	36,7 %	90,8 %	2,56 %	0,24 %
2015	492	12	6	22,6 %	63,2 %	2,61 %	0,96 %
2016	538	9	7	27,9 %	77,0 %	2,98 %	0,69 %
2017	810	11	5	48,8 %	91,9 %	3,72 %	0,30 %
2018	688	8	5	29,2 %	81,4 %	4,04 %	0,75 %
2019	759	9	4	34,4 %	82,7 %	3,76 %	0,65 %
2020	650	12	5	34,8 %	83,2 %	3,22 %	0,54 %
2021	807	13	4	40,9 %	87,7 %	3,61 %	0,44 %
2022	946	17	9	33,1 %	72,5 %	3,92 %	1,08 %
2023	937	11	8	30,2 %	73,9 %	3,97 %	1,04 %
2024	1.090	18	9	27,2 %	76,1 %	4,12 %	0,99 %
2025	1.293	22	13	24,4 %	66,1 %	4,83 %	1,64 %

Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ

Nota: Datos anonimizados. As porcentaxes calcúlanse sobre o total de resolucións en galego do ano, incluídas as que non teñen relator identificado. A columna «% galego» refírese a todos os órganos e difire lixeiramente da porcentaxe dos órganos colexiados (táboa 2 e anexo 1): en 2025, 4,83 % fronte a 4,85 %.

Anexo 7. Resolucións de órganos unipersoais publicadas por ano e lingua

Ano	Resolucións de órganos unipersoais	En galego	% en galego
1997	2	0	0,00 %
1999	3	0	0,00 %
2000	4	0	0,00 %
2002	3	0	0,00 %
2003	3	0	0,00 %
2004	10	1	10,00 %
2005	17	0	0,00 %
2006	28	0	0,00 %
2007	15	0	0,00 %
2008	16	0	0,00 %
2009	27	0	0,00 %
2010	54	0	0,00 %
2011	126	0	0,00 %
2012	87	1	1,15 %
2013	141	2	1,42 %
2014	117	2	1,71 %
2015	137	1	0,73 %
2016	420	0	0,00 %
2017	176	2	1,14 %
2018	258	1	0,39 %
2019	454	0	0,00 %
2020	469	9	1,92 %
2021	604	4	0,66 %
2022	1.203	32	2,66 %
2023	1.451	68	4,69 %
2024	2.154	138	6,41 %
2025	2.409	115	4,77 %
1997-2025	**10.388**	**376**	**3,62 %**

Fonte: Elaboración propia a partir do CENDOJ. Inclúe xulgados de primeira instancia, instrución, mixtos, do social, do contencioso, do mercantil, do penal e de menores, e as correspondentes seccións dos tribunais de instancia. Non se inclúen os anos sen resolucións publicadas destes órganos (1998 e 2001).